



DATOS IDENTIFICATIVOS

Textos canónicos da literatura galega

Materia	Textos canónicos da literatura galega			
Código	V01G160V01921			
Titulación	Grao en Estudos de Galego e Español			
Descritores	Creditos ECTS	Sinale	Curso	Cuadrimestre
	6	OP	3	2c
Lingua de impartición	Galego			
Departamento	Filoloxía galega e latina			
Coordinador/a	Angueira Viturro, Anxo			
Profesorado	Angueira Viturro, Anxo			
Correo-e	angueira@uvigo.es			
Web				
Descrición xeral	Análise dos autores e das obras da literatura galega consideradas dentro do canon. Explicación e debate sobre as razóns de penenza ó canon.			

Competencias de titulación

Código	
A2	Identificar, comprender e apreciar as principais contribucións das literaturas do español (en España e en América) e do galego, con especial sensibilidade para as literaturas emparentadas, como son as que corresponden ás linguas neolatinas e en particular a portuguesa
A4	Coñecer os métodos básicos do estudo e análise lingüística e literario
A5	Dispoñer dos coñecementos necesarios para a comprensión, análise, desenvolvemento, avaliación e aproveitamento dos recursos lingüísticos e literarios para o futuro profesional
A6	Argumentar os temas e os textos obxecto de estudo de acordo coas convencións académicas, achegando probas e servíndose dos recursos bibliográficos e electrónicos dispoñibles, especialmente dos orientados á investigación lingüística e literaria e á docencia das linguas impartidas no grao.
A7	Participar en debates e actividades de grupo, e organízalos desenvolvendo un pensamento autónomo e crítico con respecto ás posicións alleas e á tolerancia cara á diversidade social e cultural que se expresa nas linguas e literaturas en cuestión.
A8	Formular razoamentos críticos nos ámbitos de estudo lingüístico e literario a fin de adquirir métodos sólidos de análise, que transcendan a simple aproximación intuitiva ás linguas e aos textos obxecto de estudo.
A9	Planificar, estruturar e desenvolver ensaios escritos e presentacións orais en español e en galego, formulando hipóteses cunha metodoloxía apropiada para transmitir ideas eficaces, de acordo coas convencións académicas, e argumentando os razoamentos expostos.
A10	Ser capaces de apreciar outras culturas e expresións artísticas e competentes para sensibilizar o medio propio na apreciación da diversidade intercultural. Explorar ademais as repercusións sociais, profesionais, educativas e culturais dos usos lingüísticos e da aprendizaxe das linguas estudadas no grao.
A11	Mostrar sensibilidade cara ás achegas feitas polas mulleres á literatura e á cultura española, galega e portuguesa nos seus diferentes ámbitos xeográficos e culturais. Entender as funcións do canon, a súa formación e os seus axentes, e valorar as exclusións que xera, por exemplo, a exclusión dos textos de escritoras, particularmente nos diferentes ámbitos xeográficos e culturais das linguas galega e española.
A12	Posuír unha conciencia crítica ante mecanismos de exclusión e discriminación das mulleres na linguaxe
B2	Que o alumnado saiba aplicar os seus coñecementos ao seu traballo ou a súa vocación dunha forma profesional, e posúa as competencias que adoitan demostrarse por medio da elaboración e defensa de argumentos e a resolución de problemas dentro da súa área de estudo.
B3	Que o alumnado teña a capacidade de reunir e interpretar os datos relevantes (normalmente dentro da súa área de estudo) para emitir xuízos que inclúan unha reflexión sobre os temas destacados de índole social, científica ou ética.
B5	Que o alumnado desenvolvese aquelas habilidades de aprendizaxe necesarias para emprender estudos posteriores cun alto grao de autonomía.

Competencias de materia

Resultados previstos na materia	Resultados de Formación e Aprendizaxe	
1. Desenvolver as capacidades de analizar que é o canon literario e os factores que inflúen na canonización.	A2	B2
	A4	B3
2. Fomentar a capacidade crítica con todo tipo de textos e xéneros analizando a influencia social e política na difusión e coñecemento da literatura galega.	A5	B5
	A6	
3. Capacitar o alumnado para a aplicación da análise dos textos escritos en galego e das figuras literarias ó longo da historia.	A7	
	A8	
4. Valorar as contribucións literarias producidas dentro do sistema cultural de Galicia e, cos parámetros estudados, decidir que textos poden ser considerados canónicos.	A9	
	A10	
	A11	
	A12	

Contidos

Tema

1. Concepto do canon literario e dos textos canónicos.	1. Qué se entende e quen fixa o canon literario. 2. Presenza e ausencia do canon. 3. Literatura, canon e campo literario.
2. Rosalía e Follas novas	4. Estudo da autora e da obra no contexto do Rexurdimento.
3. Cabanillas e Na noite estrelecida	5. Estudo do autor e da obra no contexto da Época Nós.
4. Manoel Antonio e De catro a catro	6. Estudo do autor e da obra no contexto das vangardas en Galicia.
5. Merlín e familia de Cunqueiro e A esmorga de Blanco Amor.	7. Estudo dos autores e das obras no contexto da narrativa de posguerra
6. Longa noite de pedra de Celso Emilio Ferreiro.	6. Estudo do autor e da obra no contexto da poesía de posguerra.
7. Con pólvora e magnolias de Méndez Ferrín.	9. Estudo do autor e da obra no contexto da renovación estética do último terzo do século XX

Planificación

	Horas na aula	Horas fóra da aula	Horas totais
Traballos de aula	22	8	30
Traballos tutelados	0	12	12
Sesión maxistral	24	18	42
Probas de resposta curta	2	10	12
Probas de resposta longa, de desenvolvemento	2	20	22
Traballos e proxectos	2	30	32

*Os datos que aparecen na táboa de planificación son de carácter orientador, considerando a heteroxeneidade do alumnado.

Metodoloxía docente

	Descrición
Traballos de aula	Na aula faremos lecturas e comentarios dos textos máis salientables, dedicándolle a última parte de cada unha das sesións, que o alumnado deberá completar con outras lecturas e comentarios suxeridos.
Traballos tutelados	O alumnado deberá realizar ao longo do curso un conxunto de breves traballos que se irán sinalando segundo se vaia desenvolvendo a dinámica da docencia.
Sesión maxistral	O desenvolvemento da aula farase a partir de explicacións sobre cada tema nas que se vaian introducindo tamén os textos pertinentes.

Atención personalizada

Metodoloxías	Descrición
Sesión maxistral	Para poder assimilar os contidos da sesión maxistral, o alumnado deberá prestar atención, preguntar o que non comprenda e tomar nota. Con iso e a bibliografía asignada debe facer os traballos para expoñer na aula.
Traballos de aula	Para poder assimilar os contidos da sesión maxistral, o alumnado deberá prestar atención, preguntar o que non comprenda e tomar nota. Con iso e a bibliografía asignada debe facer os traballos para expoñer na aula.
Traballos tutelados	Para poder assimilar os contidos da sesión maxistral, o alumnado deberá prestar atención, preguntar o que non comprenda e tomar nota. Con iso e a bibliografía asignada debe facer os traballos para expoñer na aula.
Probas	Descrición

Probas de resposta curta	Para poder assimilar os contidos da sesión maxistral, o alumnado deberá prestar atención, preguntar o que non comprenda e tomar nota. Con iso e a bibliografía asignada debe facer os traballos para expoñer na aula.
Probas de resposta longa, de desenvolvemento	Para poder assimilar os contidos da sesión maxistral, o alumnado deberá prestar atención, preguntar o que non comprenda e tomar nota. Con iso e a bibliografía asignada debe facer os traballos para expoñer na aula.
Traballos e proxectos	Para poder assimilar os contidos da sesión maxistral, o alumnado deberá prestar atención, preguntar o que non comprenda e tomar nota. Con iso e a bibliografía asignada debe facer os traballos para expoñer na aula.

Avaliación		
	Descrición	Cualificación
Traballos de aula	A partir da sesión maxistral, o alumnado deberá debater sobre o tema e presentar as súas opinións. Será imprescindible a asistencia ás aulas para a realización destes traballos.	10
Traballos tutelados	A profesora proporá no inicio do cuadrimestre a elaboración de un ou dous traballos sobre os temas estudados. A avaliación destes traballos farase en conxunto cos traballos persoais.	15
Sesión maxistral	Farase mediante a exposición dos datos teóricos dos temas en relación ó sistema literario galego e á sociedade da etapa histórica na que se publicase a obra analizada. A asistencia será avaliada.	20
Probas de resposta curta	Ó longo do cuadrimestre, o profesor fará probas curtas sobre os temas estudados para comprobar o rendemento do traballo desenvolto.	20
Probas de resposta longa, de desenvolvemento	Estas probas serán para aqueles/as alumnos/as que non acadasen unha cualificación suficiente cos seus traballos de aula e os tutelados. Mais todo o alumnado poderá presentarse a elas.	20
Traballos e proxectos	Estes traballos son complementarios dos tutelados e comparten a cualificación.	15

Outros comentarios sobre a Avaliación

Os discentes teñen que elixir ó comezo do curso entre un sistema de avaliación continua ou de avaliación única.

A porcentaxe de presencialidade obrigatoria na avaliación continua é do 80%.

A avaliación única para os discentes que así o elixan ou para os que incumpran as condicións esixidas para a avaliación continua consistirá nun exame (70%), que se realizará na última semana do curso, e nun traballo (30%).

Na avaliación de xullo tódolos discentes deberán facer o exame na data oficial proposta pola facultade e entregar o traballo.

Bibliografía. Fontes de información

A bibliografía que se ofrece é esencialmente de consulta.

Figueroa, A.: *Nación, literatura e identidade*. Vigo: Xerais, 2001.

Tarrío, A. *Literatura Ga lega. Aportacións para unha historia crítica*. Vigo: Xerais, 1994.

Vilavedra, D. (coord..) *Diccionario de literatura galega* I e II. Vigo: Galaxia, 1997-1998.

----- *Historia da Literatura Galega*. Vigo: Galaxia, 1999.

VV.AA. *Historia da Literatura Galega*. Vigo: A Nosa Terra-ASPG, 1996-1998, 5 volumes.

VV. AA. *Galicia. Historia da Literatura Galega*. A Coruña: Hércules Edicións, varios tomos.

Recomendacións

Materias que continúan o temario

Traballo de Fin de Grao/V01G160V01991

Materias que se recomenda cursar simultaneamente

Crítica literaria/V01G160V01922

Materias que se recomenda ter cursado previamente

Seminario de literatura galega desde 1900 ata 1936/V01G160V01508

Seminario de literatura galega desde 1936 a 1975/V01G160V01705

Outros comentarios

Recoméndase ter boa disposición para o estudo da literatura e gozar coa lectura de obras literarias de todos os tempos e culturas.
